

Por que se producen as mareas negras?

A maior parte dos derrames de petróleo cru prodúcense en operacións rutinarias (carga, descarga, trasvases...) case sempre en portos e terminais petrolíferas. Estes derrames son sempre de pequeno volume (no 93% dos casos as cantidades non superan as 7 toneladas). Só os grandes derrames son consecuencia de accidentes.



Terminal de descarga de petróleo do Porto da Coruña.



Cada ano van parar ao mar de 3 a 4 millóns de tn de hidrocarburos, o equivalente á carga de máis de 30 grandes petroleiros



Instalacións para o almacenamento de hidrocarburos no porto de Vilagarcía. Un punto de risco no interior da Ría de Arousa que produciu unha gran contestación social.

As mareas negras prodúcense por un derrame de hidrocarburos como consecuencia dun accidente ou dunha avaría: nas explotacións petrolíferas, nos sistemas de transporte ou nas áreas de almacenamento.

Orixe dos vertidos de petróleo e derivados no medio mariño, segundo un informe do Programa do Medio Ambiente da ONU

